

Disposición adicional cuarta. *Anticipos de axudas vinculadas a determinados préstamos para a mellora e modernización de estruturas agrarias.*

Nos termos municipais afectados polos incendios, con carácter preferente, poderá efectuarse o pagamento anticipado do importe total das axudas de minoración de anualidades de amortización do principal dos préstamos acollidos ó Real decreto 613/2001, do 8 de xuño, para a mellora e modernización das estruturas das explotacións agrarias, daqueles expedientes dos que se dispoña da correspondente certificación final de cumprimento de compromisos e realización de investimentos.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

O Goberno e os distintos titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, dictarán as disposicións necesarias e establecerán os prazos para a execución do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 21 de novembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

21343 REAL DECRETO 1429/2003, do 21 de novembro, polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa comunitaria en materia de subproductos de orixe animal non destinados ó consumo humano. («BOE» 280, do 22-11-2003.)

O Real decreto 2224/1993, do 17 de decembro, sobre normas sanitarias de eliminación e transformación de animais mortos e desperdicios de orixe animal e protección fronte a axentes patóxenos en pensos de orixe animal, incorporou ó noso ordenamento a Directiva 90/667/CEE do Consello, do 27 de novembro de 1990, pola que se establecen as normas veterinarias relativas á eliminación e transformación de desperdicios animais, á súa posta no mercado e á protección dos axentes patóxenos nos pensos de orixe animal ou a base de peixe, e pola que se modifica a Directiva 90/425/CEE. Posteriormente, o Real decreto 1911/2000, do 24 de novembro, polo que se regula a destrución dos materiais especificados de risco en relación coas encefalopatías esponxiformes transmisibles, aplicou a normativa comunitaria vixente ó respecto.

Trala aprobación do Regulamento (CE) n.º 1774/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de outubro de 2002, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables ós subproductos animais non destinados ó consumo humano, quedaron derrogadas a citada Directiva 90/667/CEE e as Decisións 95/348/CE do Consello, do 22 de xuño de 1995, pola que se aproban as normas veterinarias e de policía sanitaria aplicable no Reino Unido e en Irlanda para o tratamento de determinados tipos de desperdicios destinados a comercializarse a escala local para a alimen-

tación de certas categorías de animais, e 1999/534/CE do Consello, do 19 de xullo de 1999, pola que se establecen medidas aplicables á transformación de determinados desperdicios animais con vistas á protección contra as encefalopatías esponxiformes transmisibles e pola que se modifica a Decisión 97/735/CE da Comisión, e quedou modificado en profundidade o réxime normativo aplicable ó transporte, tratamento, destrución ou utilización dos ditos subproductos. Isto obriga, sen prexuízo da súa inaplicabilidade, á derogación expresa, íntegra nun caso, e parcial noutro, dos reais decretos antes citados.

Non obstante a eficacia e a aplicabilidade directa do mencionado regulamento, cómpre establecer disposicións específicas, a fin de clarificar a autoridade competente en cada caso, preve-lo intercambio de información entre as distintas administracións e especialmente para facer uso de certas excepcións que o citado regulamento recolle, así como do período transitorio que foi autorizado para España pola Comisión Europea. Este real decreto foi sometido a consulta das comunidades autónomas e dos sectores afectados.

Este real decreto ten carácter básico e dítase ó abeiro do artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución, polo que se lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e en materia de sanidade exterior e bases e coordinación xeral da sanidade.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación e da ministra de Sanidade e Consumo, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de novembro de 2003,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto establecer disposicións específicas de aplicación en España do Regulamento (CE) n.º 1774/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de outubro de 2002, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables ós subproductos animais non destinados ó consumo humano.

2. Este real decreto será de aplicación en todo o territorio nacional.

Artigo 2. *Definicións e competencias.*

1. Para os efectos deste real decreto, serán de aplicación as definicións previstas no Regulamento (CE) n.º 1774/2002. Así mesmo, entenderase como:

a) Incineración in situ: a que non se realiza en planta de incineración ou co-incineración autorizadas conforme o Regulamento (CE) n.º 1774/2002 ou o Real decreto 653/2003, do 30 de maio, sobre incineración de residuos.

b) Enterramento in situ: o que non se realiza nun vertedoiro autorizado conforme o Regulamento (CE) n.º 1774/2002 ou o Real decreto 1481/2001, do 27 de decembro, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro.

2. A autoridade competente facultada para garantir o cumprimento dos requisitos deste real decreto e do Regulamento (CE) n.º 1774/2002, en especial no que respecta ó control dos pensos, serán os órganos competentes das comunidades autónomas e das entidades locais, e os órganos competentes da Administración xeral do Estado no que se refire ós intercambios con terceiros países.

Aplicarase a vixente distribución de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas no que respecta á aplicación do Regulamento (CE) n.º 259/1993 do Consello, do 1 de febreiro de 1993, relativo á vixilancia e ó control dos traslados de residuos no interior, á entrada e á saída da Comunidade Europea.

3. Os ministerios de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo coordinarán a aplicación polas comunidades autónomas e as entidades locais do Regulamento (CE) n.º 1774/2002 no que afecta ós subproductos animais xerados, respectivamente, en explotacións gandeiras e en establecementos e industrias alimentarias, así como no que se refire á correcta expedición dos ditos subproductos ós destinos permitidos polo regulamento e por este real decreto.

Estes ministerios coordinarán así mesmo a aplicación do Regulamento (CE) n.º 1774/2002 en canto á autorización das instalacións de destino comprendidas nos seus respectivos ámbitos de actuación e ó tratamento nelas dos subproductos de acordo co establecido no dito regulamento e neste real decreto. Non se entenderán incluídas no ámbito propio de competencia dos mencionados ministerios nos seguintes casos:

a) Cando sexan destinados, sen previa transformación, a plantas de incineración ou coincineración de acordo co Real decreto 653/2003, do 30 de maio, ou a plantas de incineración ou coincineración de alta capacidade ás que non se aplique o dito real decreto.

b) Cando sexan subproductos de orixe animal xerados en establecementos e industrias alimentarias destinados, sen previa transformación, a plantas de incineración ou coincineración de baixa capacidade.

c) Cando o seu destino final sexa un vertedoiro autorizado de acordo co Real decreto 1481/2001, do 27 de decembro, xa se trate de subproductos sen transformar ou transformados en plantas autorizadas.

d) Cando se sometan a un proceso de valorización en plantas de biogás e compostaxe.

Artigo 3. *Deber de información.*

Os órganos competentes das comunidades autónomas remitirán ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ou ó de Sanidade e Consumo, en función das súas respectivas competencias, para o seu traslado á Comisión Europea, a información prevista para o efecto no Regulamento (CE) n.º 1774/2002, e en particular:

a) En caso de que se faga uso das excepcións á utilización de subproductos animais, previstas no artigo 8 deste real decreto, a información a que se refire o artigo 23 do citado regulamento.

b) En caso de que se faga uso das excepcións relativas á eliminación dos subproductos animais, previstas no artigo 9 deste real decreto, a información a que se refire o artigo 24 do mencionado regulamento.

Artigo 4. *Esterco.*

As disposicións do artigo 7 do Regulamento (CE) n.º 1774/2002 non serán de aplicación en España para o esterco transportado entre dous puntos situados na mesma explotación ou entre explotacións e usuarios situados dentro da mesma comunidade autónoma, salvo que disposicións específicas das comunidades autónomas establezan o contrario.

Artigo 5. *Disposicións zoonitarias xerais para a posta no mercado e a utilización de proteínas animais transformadas e outros produtos transformados que se poden empregar como pensos, alimentos para animais de compañía, accesorios mastigables para cans e produtos técnicos.*

1. Prohíbese o envío dos subproductos animais e dos seus produtos derivados, para os cales se esta-

blecen requisitos específicos nos anexos VII e VIII do Regulamento (CE) n.º 1774/2002, desde unha explotación situada nunha zona sometida a restriccións debido á existencia dunha enfermidade á que sexa sensible a especie animal de que se deriven os produtos, ou desde unha planta ou zona a partir da cal os movementos ou os intercambios comerciais poidan comprometer a cualificación sanitaria dunha provincia ou a de España, excepto cando os produtos fosen tratados de conformidade co dito regulamento.

Esta prohibición non será de aplicación en caso de que sexan aprobadas excepcións pola Comisión Europea, suposto no cal se deberá aplica-lo que dispoña esta.

2. Os produtos deberanse obter a partir de animais que:

a) Procedan dunha explotación, territorio ou parte deste ou, no caso dos produtos da acuicultura, dunha piscifactoría, zona ou parte desta, non sometidos a restriccións zoonitarias aplicables ós animais e produtos en cuestión, especialmente se se trata de restriccións derivadas das medidas de control das enfermidades, impostas pola normativa vixente ou pola presenza dalgunha das enfermidades transmisibles graves que figuran no Real decreto 650/1994, do 15 de abril, polo que se establecen medidas xerais de loita contra determinadas enfermidades dos animais e medidas específicas contra a enfermidade vesicular porcina.

b) Non fosen sacrificados nun establecemento onde, no momento do sacrificio, houber animais infectados ou sospeitosos de estaren infectados por algunha das enfermidades ás que se apliquen as disposicións contidas na alínea a).

3. Sen prexuízo do cumprimento das medidas de control das enfermidades establecidas no punto 2.a), a posta no mercado de subproductos animais e dos produtos derivados deles ós que se refiren os anexos VII e VIII do Regulamento (CE) n.º 1774/2002, procedentes dun territorio, ou parte deste, sometido a restriccións zoonitarias, pero que non estean infectados nin sexan sospeitosos de estalo, permitirase sempre e cando, segundo corresponda, tales produtos:

a) Se obteñan, manipulen, transporten e almacenen por separado, física ou cronoloxicamente, dos que cumpran tódalas condicións zoonitarias.

b) Fosen sometidos, nunha planta autorizada para tal efecto pola comunidade autónoma ou por outro Estado membro onde xurdise o problema zoonitario, a un tratamento suficiente para elimina-lo problema zoonitario correspondente conforme o disposto no Regulamento (CE) n.º 1774/2002.

c) Estean debidamente identificados.

d) Se axusten ás disposicións especiais establecidas nos anexos VII e VIII do Regulamento (CE) n.º 1774/2002, ou ás disposicións de aplicación que estableza a Comisión Europea.

Artigo 6. *Posta no mercado e exportación de alimentos para animais de compañía, accesorios mastigables para cans e produtos técnicos.*

1. As autoridades competentes velarán para que os alimentos para animais de compañía, os accesorios mastigables para cans, os produtos técnicos non mencionados nos puntos 2 e 3 deste artigo e os subproductos animais ós que se refire o anexo VIII do Regulamento (CE) n.º 1774/2002 só se poñan no mercado ou exporten se:

a) Responden a unha destas dúas condicións:

1.ª Cumpri-las condicións específicas establecidas no citado anexo VIII.

2.^a Ou ben cumpra-las condicións específicas establecidas no capítulo correspondente do anexo VII do Regulamento (CE) n.º 1774/2002 cando un produto se poida utilizar como produto técnico e como penso e o mencionado anexo VIII non conteña precisións ó respecto.

b) Proceden de fábricas de alimentos para animais de compañía ou de plantas técnicas autorizadas e supervisadas de acordo co artigo 18 do Regulamento (CE) n.º 1774/2002 ou, no caso dos subproductos animais mencionados no seu anexo VIII, doutras plantas autorizadas de conformidade coa lexislación veterinaria comunitaria.

2. Os fertilizantes orgánicos e as emendas do solo producidos a partir de produtos transformados de material da categoría 2 distintos dos procedentes do esterco e de contidos do tubo dixestivo só se poderán pór no mercado ou exportarse se cumpren os requisitos que establece para o efecto a Comisión Europea.

3. Os derivados de graxas elaborados con material da categoría 2 só se porán no mercado ou exportarán se se cumpren as seguintes condicións:

a) Se preparasen nunha planta oleoquímica da categoría 2, autorizada de acordo co artigo 14 do Regulamento (CE) n.º 1774/2002, con graxas fundidas procedentes da transformación de material da categoría 2 nunha planta de transformación autorizada conforme o seu artigo 13, mediante a aplicación de calquera dos métodos numerados do 1 ó 5 no capítulo III do anexo V do dito regulamento.

b) Se manipulasen, transformasen, almacenasen e transportasen de acordo co anexo VI do Regulamento (CE) n.º 1774/2002.

c) Se axusten ás condicións específicas establecidas no anexo VIII do dito regulamento.

Artigo 7. *Listas de plantas, almacéns e fábricas autorizadas.*

1. Os órganos competentes das comunidades autónomas elaborarán unha lista das plantas, almacéns e fábricas autorizados dentro do seu propio territorio conforme os artigos 10, 11, 12, 13, 14, 15, 17 e 18 do Regulamento (CE) n.º 1774/2002, ós que adxudicará un número oficial que servirá para identifica-la planta en relación coa natureza das súas actividades.

2. Estes órganos remitirán copias das súas listas e das correspondentes versións actualizadas á comisión nacional que se prevé no artigo 15 deste real decreto, para o seu traslado ás demais comunidades autónomas e Cidades de Ceuta e Melilla, ós demais Estados membros e á Comisión Europea.

Artigo 8. *Excepcións relativas á utilización de subproductos animais.*

1. As autoridades competentes das comunidades autónomas poderán autorizar, e adoptar, nese caso, medidas de control apropiadas, os seguintes usos:

a) A utilización de subproductos animais con fins de diagnóstico, educación e investigación, dentro do marco que se prevexa para o efecto na normativa de desenvolvemento deste real decreto.

b) A utilización de subproductos animais para actividades de taxidermia nas plantas técnicas autorizadas con ese fin.

2. Así mesmo, autorízase a utilización dos subproductos animais que se mencionan no punto 3 para a alimentación dos seguintes animais, o control dos cales o exercerán as autoridades competentes de conformi-

dade coas normas establecidas no anexo IX do Regulamento (CE) n.º 1774/2002:

- a) Animais de zoolóxico.
- b) Animais de circo.
- c) Réptiles e aves de presa que non sexan de zoolóxico nin de circo.
- d) Animais de peletería.
- e) Animais salvaxes a carne dos cales non estea destinada ó consumo humano.
- f) Cans procedentes de canceiras ou mandas recoñecidas.
- g) Vermes para cebos.

3. Os subproductos animais aludidos no punto anterior son os seguintes:

a) Material da categoría 2, sempre que proceda de animais que non se sacrificasen nin morresen como consecuencia da presenza real ou sospeitada dunha enfermidade transmisible ó ser humano ou ós animais.

b) O seguinte material da categoría 3:

1.º Partes de animais sacrificados que se consideren aptos para o consumo humano de conformidade coa normativa comunitaria, pero que non se destinen a este fin por motivos comerciais.

2.º Partes de animais sacrificados que fosen rexeitadas por non seren aptas para o consumo humano, pero que non presenten ningún signo de enfermidade transmisible ós seres humanos ou ós animais e que procedan de canais que son aptos para o consumo humano de conformidade coa normativa comunitaria.

3.º Peles, pezuños e cornos, sedas e plumas procedentes de animais que sexan sacrificados nun matadoiro tras seren sometidos a unha inspección ante mortem e que a resultas desta inspección sexan declarados aptos para o sacrificio con vistas ó consumo humano de conformidade coa normativa comunitaria.

4.º Sangue procedente de animais, que non sexan ruminantes, sacrificados nun matadoiro e tras seren sometidos a unha inspección ante mortem e que a resultas da dita inspección sexan declarados aptos para o sacrificio con vistas ó consumo humano de conformidade coa normativa comunitaria.

5.º Subproductos animais derivados da elaboración de produtos destinados ó consumo humano, incluídos os ósos desengraxados e os roxóns.

6.º Antigos alimentos de orixe animal ou que conteñan produtos de orixe animal, que non sexan residuos de cociña, que xa non se destinen ó consumo humano por motivos comerciais ou por problemas de fabricación ou defectos de envasado ou doutra índole que non supoñan ningún risco para o ser humano nin para os animais.

7.º Leite cru de animais que non presenten signos clínicos de ningunha enfermidade transmisible a través dese produto ós seres humanos ou ós animais.

8.º Peixes ou outros animais mariños, con excepción dos mamíferos, capturados en alta mar para a produción de fariña de peixe.

9.º Subproductos frescos de peixe procedentes de instalacións industriais que fabriquen produtos a base de peixe destinados ó consumo humano.

10.º Cunchas, subproductos da incubación e subproductos de ovos con fisuras procedentes de animais que non presenten signos clínicos de ningunha enfermidade transmisible a través dese produto ós seres humanos ou ós animais.

11.º Residuos de cociña que non procedan de medios de transporte que operen a nivel internacional. Non obstante, neste suposto deberá terse en conta a posible normativa que poida dictar para o efecto a Comisión Europea.

4. Os órganos competentes das comunidades autónomas remitirán ó Ministerio de Agricultura, Pesca e

Alimentación ou ó de Sanidade e Consumo, en función das súas respectivas atribucións, para o seu traslado á Comisión Europea, a información relativa:

- a) Á aplicación do disposto no punto 2.
- b) As medidas de comprobación que adoptasen para garantir que os subproductos animais sexan utilizados unicamente para fins autorizados.

Así mesmo, estes órganos competentes remitirán á comisión nacional prevista no artigo 15, para a elaboración dunha lista nacional, a relación dos usuarios e dos centros de recollida autorizados e rexistrados en relación coas alíneas d), f) e g) do punto 2, situados no seu respectivo ámbito territorial. Asignarase a cada un destes usuarios e centros de recollida un número oficial con fins de inspección e para poder determina-la orixe dos produtos.

5. Os locais dos usuarios e dos centros de recollida mencionados no punto anterior serán supervisados pola autoridade competente, a cal terá libre acceso en todo momento a tódalas partes dos ditos locais co fin de verifica-lo cumprimento dos requisitos mencionados no punto 2. Se esa inspección revela que non se cumpren esas disposicións, a autoridade competente adoptará as medidas oportunas.

Artigo 9. *Excepcións relativas á eliminación dos subproductos animais.*

1. As autoridades competentes poderán, en caso necesario, decidir que:

- a) Os animais de compañía mortos se poidan eliminar directamente como residuos mediante enterramento.
- b) Os seguintes subproductos animais procedentes de zonas remotas poidan ser eliminados como residuos mediante incineración ou enterramento, realizados in situ en ámbolos casos:

1.º Os corpos enteiros de animais mortos que conteñan material especificado de risco, cando no momento da eliminación o material especificado de risco non se retirase.

2.º O material da categoría 2.

3.º O material da categoría 3.

A autoridade competente deberá controlar periodicamente estas zonas para comproba-lo cumprimento das condicións establecidas no anexo II do Regulamento (CE) n.º 811/2003 da Comisión, do 12 de maio de 2003, polo que se aplican as disposicións do Regulamento (CE) n.º 1774/2002 relativas á prohibición da reciclaxe dentro da mesma especie no caso dos peixes, ó enterramento e á incineración de subproductos animais e a determinadas medidas transitorias.

c) Os subproductos animais poidan ser eliminados como residuos mediante incineración ou enterramento, realizados in situ en ámbolos casos, no suposto de abrocho dunha das enfermidades da lista A da Oficina Internacional de Epizootias (OIE), cando a autoridade competente denegue o seu transporte á planta de incineración ou transformación máis próxima ante o perigo de propagar riscos sanitarios ou porque a capacidade das ditas plantas quedase desbordada pola extensión da epizootia. Neste suposto, deberase ter en conta, así mesmo, o disposto no artigo 6 do Regulamento (CE) n.º 811/2003 da Comisión, do 12 de maio de 2003.

2. No caso do material de categoría 1 a que se refire o primeiro guión da alínea b) do punto anterior, a súa incineración ou enterramento poderanse realizar de conformidade coas alíneas b) ou c) do dito punto unicamente se a autoridade competente autoriza e supervisa o método empregado e considera que impide todo risco de transmisión das encefalopatías esponxiformes transmisibles.

3. A autoridade competente adoptará as medidas necesarias para que a incineración ou o enterramento, realizado in situ en ámbolos casos, de subproductos animais non poña en perigo a saúde humana ou animal, así como para impedi-lo abandono, a vertedura ou a eliminación incontrolada de subproductos animais.

4. Os órganos competentes das comunidades autónomas remitirán ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ou ó de Sanidade e Consumo, en función das súas respectivas atribucións, para o seu traslado á Comisión Europea:

a) O uso que fagan das posibilidades mencionadas no punto 1.b) con respecto ó material das categorías 1 e 2.

b) As zonas que entran na categoría de «zonas remotas» para efectos de aplicación do punto 1.b) e os motivos desta clasificación.

Artigo 10. *Outras excepcións.*

1. Permítese a alimentación de peixes con proteínas animais transformadas procedentes de corpos ou partes de corpos de animais da mesma especie. Non obstante, isto non será aplicable á alimentación de peixes de piscifactoría con proteínas animais transformadas derivadas de peixes de piscifactoría da mesma especie.

2. Os peixes silvestres e os subproductos de peixes silvestres capturados en alta mar ou en lagos poderanse utilizar:

a) Para a produción de pensos para peixes.

b) Como alimento para peixes.

3. O peixe, os subproductos de peixe e os produtos derivados destes, destinados á alimentación de peixe de piscifactoría, de acordo co establecido no punto 1, deberán cumprilas condicións do anexo I do Regulamento (CE) n.º 811/2003 da Comisión, do 12 de maio de 2003.

Artigo 11. *Incineración e enterramento de abellas e productos apícolas.*

De conformidade co previsto no artigo 8 do Regulamento (CE) n.º 811/2003 da Comisión, do 12 de maio de 2003, en caso necesario, as autoridades competentes poderán autoriza-la eliminación, como desperdicios, de abellas e productos apícolas distintos do material das categorías 1 ou 3, mediante incineración ou enterramento in situ, a condición de que se adopten as medidas necesarias para que iso non supoña un risco para a saúde humana ou animal e o ambiente, de acordo coa lexislación e as orientacións comunitarias e nacionais.

Artigo 12. *Plantas de transformación das categorías 1 e 2.*

Para a autorización das plantas de transformación das categorías 1 e 2, prevista no artigo 13 do Regulamento (CE) n.º 774/2002, a distribución das instalacións de transformación de material da categoría 1 e de material da categoría 2 deberá garanti-la total separación de ámbolos materiais, desde a súa recepción ata o despacho do produto transformado. Para estes efectos, cando as plantas de transformación de material da categoría 1 e de material da categoría 2 compartan o mesmo edificio ou local, deberá existir unha separación física entre ámbalas instalacións, e dispoñer de zonas de recepción, equipamentos, persoal, zona de almacenaxe e saída independentes.

Artigo 13. *Autorización de plantas de incineración ou co-incineración e doutros sistemas de destrución e tratamento.*

Os órganos competentes das comunidades autónomas autorizarán as plantas de incineración ou coinci-

neración de alta ou baixa capacidade, ás que non se aplique o Real decreto 653/2003, do 30 de maio, de acordo co previsto nos puntos 2 e 3, respectivamente, do artigo 12 do Regulamento (CE) n.º 1774/2002.

Así mesmo, autorizarán o emprego de sistemas de destrución e tratamento ós que non se aplique este real decreto, que se autoricen de conformidade co Regulamento (CE) n.º 1774/2002, así como, se é o caso, as instalacións que sexan precisas para tal efecto.

Artigo 14. *Controis comunitarios.*

1. Na realización dos controis que os expertos da Comisión Europea realicen, acompañarán ós representantes dos órganos competentes das comunidades autónomas representantes dos ministerios de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Sanidade e Consumo e de calquera outro competente, en función das súas respectivas atribucións.

2. Cando se realicen estes controis, os órganos competentes das comunidades autónomas e do ministerio correspondente, deberán prestar ós expertos da Comisión Europea toda a axuda necesaria para o cumprimento das súas funcións.

3. As autoridades competentes adoptarán as medidas necesarias para a correcta aplicación das recomendacións contidas nos informes finais de inspección da Comisión Europea.

Artigo 15. *Comisión nacional de subproductos de orixe animal non destinados a consumo humano.*

1. Créase a Comisión nacional de subproductos de orixe animal non destinados a consumo humano, como órgano colexiado de carácter interministerial e multidisciplinar, adscrito ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

2. Son funcións da Comisión nacional:

a) O seguimento e coordinación coas comunidades autónomas e entes locais da execución do Regulamento (CE) n.º 1774/2002 e deste real decreto.

b) A revisión periódica da evolución da dita execución, propoñendo as modificacións precisas para un eficaz cumprimento dos obxectivos.

c) Elevar ás autoridades competentes propostas que permitan unha mellor execución da dita normativa, e en particular sobre novos métodos de destrución de subproductos de orixe animal nas explotacións gandeiras.

d) Asesora-las autoridades competentes en materia de subproductos de orixe animal non destinados a consumo humano.

e) Propoñe-la realización de estudos e traballos científicos en relación cos citados subproductos.

f) Solicitar, para o seu traslado ás comunidades autónomas e Cidades de Ceuta e Melilla, ós demais Estados membros e á Comisión Europea, a información a que se refire o artigo 7.

3. A Comisión nacional estará composta polos seguintes membros:

a) Presidente: o director xeral de Gandería do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

b) Vicepresidente: o director executivo da Axencia Española de Seguridade Alimentaria do Ministerio de Sanidade e Consumo.

c) Vocais:

1.º Doce vocais en representación da Administración xeral do Estado, pertencentes ós seguintes ministerios:

Catro en representación do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, con rango de subdirector xeral.

Catro en representación do Ministerio de Sanidade e Consumo, con rango de subdirector xeral.

Tres representantes do Ministerio de Medio Ambiente, con rango de subdirector xeral.

Un representante do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, con rango de subdirector xeral.

Estes vocais serán designados polo subsecretario do departamento correspondente, e nos casos de ausencia ou enfermidade e, en xeral, cando concorran algunha outra causa xustificada, poderán ser substituídos por outra persoa ó servizo da unidade de que dependan, que será designada do mesmo modo.

2.º En representación das comunidades autónomas e Cidades de Ceuta e Melilla, un representante por cada unha delas que decida integrarse nesta comisión.

3.º Dous vocais designados pola Federación Española de Municipios e Provincias, en representación das entidades locais.

d) Actuará como secretario da Comisión nacional un funcionario do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, designado polo subsecretario do dito departamento.

Así mesmo, poderán asistir ás reunións da Comisión nacional, en calidade de asesores, con voz pero sen voto, aquelas persoas que, en consideración á súa competencia profesional, sexan expresamente convocados polo presidente.

4. A Comisión nacional aprobará as súas propias normas de funcionamento e, en todo o non previsto expresamente nesas normas e neste artigo, será de aplicación o establecido no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, en materia de órganos colexiados.

5. En todo caso, a Comisión nacional reunirse polo menos unha vez cada semestre, e tantas veces como a situación o requira, mediante convocatoria do seu presidente, por solicitude de calquera dos seus membros.

Artigo 16. *Información sobre os subproductos da categoría 1 xerados en establecementos e industrias alimentarias.*

Tralo transporte do material da categoría 1, xerado nos establecementos e industrias alimentarias, a plantas intermedias, a plantas de incineración e de co-incineración ou plantas de transformación, estas devolverán ó establecemento ou industria de orixe unha copia, selada e asinada, do documento comercial ou, se é o caso, do certificado sanitario, previstos no artigo 7 do Regulamento (CE) n.º 1774/2002.

Artigo 17. *Réxime sancionador.*

En caso de incumprimento do disposto neste real decreto ou no Regulamento (CE) n.º 1774/2002, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións establecido na Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, e, se é o caso, noutras normas específicas de aplicación, sen prexuízo das posibles responsabilidades civís, penais ou doutra orde que poidan concorrer.

Disposición adicional primeira. *Referencias ó Real decreto 2224/1993, do 17 de decembro, e ó Real decreto 1911/2000, do 24 de decembro.*

As referencias que se conteñan na normativa aplicable ó Real decreto 2224/1993, do 17 de decembro,

sobre normas sanitarias de eliminación e transformación de animais mortos e desperdicios de orixe animal e protección fronte a axentes patóxenos en pensos de orixe animal, así como ós artigos derogados do Real decreto 1911/2000, do 24 de novembro, polo que se regula a destrución dos materiais especificados de risco en relación coas encefalopatías esponxiformes transmisibles, entenderanse feitas a este real decreto e ó Regulamento (CE) n.º 1774/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de outubro de 2002, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables ós subproductos animais non destinados ó consumo humano.

Disposición adicional segunda. *Repercusión económica.*

A creación e funcionamento da Comisión nacional de subproductos de orixe animal non destinados a consumo humano non suporá ningún incremento de gasto público, e o seu funcionamento será atendido cos recursos humanos e materiais existentes nos ministerios de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo.

Disposición transitoria primeira. *Medidas transitorias relativas ós residuos de cociña distintos dos procedentes de medios de transporte que operen no nivel internacional.*

Ata que adopte as normas correspondentes a Comisión Europea, a transformación nunha planta de biogás ou a compostaxe dos residuos de cociña incluídos no ámbito de aplicación deste real decreto e distintos dos procedentes de medios de transporte que operen no nivel internacional rexeráse pola normativa española aplicable ó respecto.

Disposición transitoria segunda. *Medidas transitorias relativas ó material recollido ó depura-las augas residuais.*

Ata o 31 de decembro de 2003, e nas condicións previstas na Decisión 2003/334/CE da Comisión, do 13 de maio de 2003, sobre medidas transitorias, de acordo co Regulamento (CE) n.º 1774/2002, relativas ó material recollido ó depura-las augas residuais, as autoridades competentes poderán seguir concedendo autorizacións individuais, de acordo coas normas nacionais, ós operadores, plantas de transformación, locais e matorros establecidos no artigo 4.1.b) e no artigo 5.1.b) do Regulamento (CE) n.º 1774/2002, para que sigan aplicando estas normas á recollida de augas residuais, sempre que:

a) Tódolos materiais animais retidos nos actuais sistemas das plantas de transformación, os locais e os matorros en cuestión sexan recollidos, transportados e eliminados como materiais das categorías 1 e 2, segundo proceda, de acordo co Regulamento (CE) n.º 1774/2002.

b) As normas nacionais se apliquen só nos locais e nas instalacións que aplicaban estas normas na data do 1 de novembro de 2002.

Disposición transitoria terceira. *Medidas transitorias relativas á importación e tránsito de determinados productos.*

Ata o 31 de decembro de 2003, e nas condicións previstas no Regulamento (CE) n.º 812/2003 da Comisión, do 12 de maio de 2003, sobre medidas transitorias, de acordo co Regulamento (CE) número 1774/2002, relativas á importación e ó tránsito dalgúns productos de terceiros países, España seguirá autorizando a importación e o tránsito dos productos ós que se fai referencia nos anexos VII e VIII do dito regulamento.

Disposición transitoria cuarta. *Medidas transitorias relativas á separación das plantas oleoquímicas das categorías 2 e 3.*

1. Ata o 31 de outubro de 2005, e nas condicións previstas na Decisión 2003/326/CE da Comisión, do 12 de maio de 2003, sobre medidas transitorias, de acordo co Regulamento (CE) n.º 1774/2002, relativas á separación das plantas oleoquímicas das categorías 2 e 3, as autoridades competentes poderán seguir concedendo autorizacións individuais, de acordo coas normas nacionais, ós operadores de locais e instalacións que non cumpran o disposto no artigo 14.2.b) do Regulamento (CE) n.º 1774/2002, nin os criterios de separación das plantas oleoquímicas das categorías 2 e 3, a condición de que as normas nacionais:

a) Sexan conformes a toda a demais lexislación comunitaria aplicable.

b) Se apliquen só nos locais e nas instalacións que aplicaban estas normas na data do 1 de novembro de 2002.

c) Sexan conformes cos requisitos das alíneas c) e d) do artigo 14.2 do Regulamento (CE) número 1774/2002.

2. Así mesmo, só se poderán utilizar graxas extraídas derivadas de materiais das categorías 2 e 3. As graxas extraídas derivadas de material da categoría 2 deberán transformarse de acordo coas normas establecidas no capítulo III do anexo VI do Regulamento (CE) n.º 1774/2002. Utilizaranse procedementos adicionais como a destilación, o filtrado e a transformación con absorbentes para aumentala seguridade dos derivados de sebo.

Disposición transitoria quinta. *Medidas transitorias relativas á recollida, o transporte e a eliminación de antigos alimentos.*

1. Ata o 31 de decembro de 2005, e nas condicións previstas no Regulamento (CE) n.º 813/2003 da Comisión, do 12 de maio de 2003, sobre medidas transitorias, de acordo co Regulamento (CE) número 1774/2002, relativas á recollida, ó transporte e á eliminación de antigos alimentos, as autoridades competentes poderán conceder autorizacións individuais ós operadores de locais e instalacións para que sigan aplicando as normas nacionais á recollida, ó transporte e á transformación dos antigos alimentos recollidos no artigo 6.1.f) do Regulamento (CE) 1774/2002, a condición de que estas normas nacionais:

a) Sen prexuízo do disposto no punto 2, garantan que os antigos alimentos non se mesturen con materiais das categorías 1 e 2.

b) Sexan conformes cos demais requisitos do Regulamento (CE) n.º 1774/2002.

2. Non obstante, poderá autorizarse a mestura dos citados antigos alimentos con materiais das categorías 1 ou 2 se se destinan a seren incinerados ou transformados en plantas das categorías 1 ou 2 antes de seren eliminados como residuos mediante incineración ou co-incineración, ou nun vertedoiro, de acordo coa lexislación comunitaria.

3. Cando estes antigos alimentos se eliminen como residuos nun vertedoiro autorizado, adoptaranse as medidas necesarias para garantir que non se mesturen con material de orixe animal sen transformar ó que se fai referencia nos artigos 4 e 5 e nas alíneas a) a e) e g) a k) do artigo 6.1 do Regulamento (CE) n.º 1774/2002.

Disposición transitoria sexta. *Medidas transitorias relativas ás normas de transformación de material da categoría 3 e esterco nas plantas de compostaxe.*

1. Ata o 31 de decembro de 2004, e nas condicións previstas no Regulamento (CE) n.º 809/2003 da Comisión, do 12 de maio de 2003, sobre medidas transitorias, de acordo co Regulamento (CE) número 1774/2002, relativas ás normas de transformación de material da categoría 3 e esterco nas plantas de compostaxe, as autoridades competentes poderán seguir concedendo autorizacións individuais, de acordo coas normas nacionais, ós operadores de locais e instalacións para que sigan aplicando estas normas á transformación de material da categoría 3 ou material da categoría 3 e esterco nas plantas de compostaxe, sempre que estas normas nacionais:

- a) Garantan unha redución xeral dos axentes patóxenos.
- b) Se apliquen só nos locais e nas instalacións que aplicaban estas normas na data do 1 de novembro de 2002.
- c) Sexan conformes cos requisitos do capítulo II.B do anexo VI do Regulamento (CE) n.º 1774/2002.

2. As plantas de compostaxe deberán estar equipadas con:

- a) Instalacións para comproba-la evolución da temperatura ó longo do tempo.
- b) Aparellos que rexistren os resultados desas medicións.
- c) Un sistema de seguridade adecuado para evitar un queentamento insuficiente.
- d) Instalacións adecuadas para a limpeza e desinfección dos vehículos e contedores á saída da planta de compostaxe.

3. Cada planta de compostaxe deberá dispoñer do seu propio laboratorio ou recorrer a un laboratorio externo. O laboratorio deberá estar equipado para efectuar as análises necesarias e ter sido autorizado polas autoridades competentes.

Disposición transitoria sétima. *Medidas transitorias relativas ás normas de transformación de material da categoría 3 e esterco nas plantas de biogás.*

1. Ata o 31 de decembro de 2004, e nas condicións previstas no Regulamento (CE) n.º 810/2003 da Comisión, do 12 de maio de 2003, sobre medidas transitorias, de acordo co Regulamento (CE) número 1774/2002, relativas ás normas de transformación de material da categoría 3 e esterco nas plantas de biogás, as autoridades competentes poderán seguir concedendo autorizacións individuais, de acordo coas normas nacionais, ós operadores de locais e instalacións para que sigan aplicando estas normas polo que respecta á transformación de material da categoría 3 ou material da categoría 3 e esterco nas plantas de biogás, sempre que estas normas nacionais:

- a) Garantan unha redución xeral dos axentes patóxenos.
- b) Se apliquen só nos locais e nas instalacións que aplicaban estas normas na data do 1 de novembro de 2002.
- c) Sexan conformes cos requisitos establecidos no capítulo II.B do anexo VI do Regulamento (CE) número 1774/2002.

2. Así mesmo, as plantas de biogás deberán estar equipadas con:

- a) Instalacións para comproba-la evolución da temperatura ó longo do tempo.

- b) Aparellos que rexistren os resultados desas medicións de forma continua.

- c) Un sistema de seguridade adecuado para evitar un queentamento insuficiente.

- d) Instalacións adecuadas para a limpeza e desinfección dos vehículos e contedores á saída da planta de compostaxe.

3. Cada planta de biogás deberá dispoñer do seu propio laboratorio ou recorrer a un laboratorio externo. O laboratorio deberá estar equipado para efectuar as análises necesarias e ter sido autorizado polas autoridades competentes.

Disposición transitoria oitava. *Medidas transitorias relativas á alimentación de peixe.*

Ata o 31 de decembro de 2003, poderanse seguir aplicando as normas e as regras vixentes en materia de alimentación dos peixes, sen aplicala prohibición prevista no artigo 22.1.a) do Regulamento (CE) 1774/2002.

Disposición transitoria novena. *Medidas transitorias relativas ás normas de transformación do sangue de mamíferos.*

Ata o 31 de decembro de 2004, e nas condicións previstas na Decisión 2003/321/CE da Comisión, do 12 de maio de 2003, sobre medidas transitorias, de acordo co Regulamento (CE) n.º 1774/2002, relativas ás normas de transformación do sangue de mamíferos, as autoridades competentes poderán seguir concedendo autorizacións individuais ós operadores de locais e instalacións para que sigan aplicando os métodos de transformación 2 a 5 ou 7 do anexo V do citado regulamento á transformación de sangue de mamíferos, a condición de que:

- a) Os locais, as materias primas, as normas de transformación, os produtos transformados e o almacenamento cumpran os requisitos establecidos no capítulo I e as demais disposicións do capítulo II do anexo VII do Regulamento (CE) n.º 1774/2002.

- b) Os métodos de transformación se apliquen en locais e instalacións que aplicaban os ditos métodos na data do 1 de novembro de 2002.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido neste real decreto, e especificamente:

- a) O Real decreto 2224/1993, do 17 de decembro, sobre normas sanitarias de eliminación e transformación de animais mortos e desperdicios de orixe animal e protección fronte a axentes patóxenos en pensos de orixe animal.

- b) O artigo 3, os puntos 2, 3 e 4 do artigo 5, os artigos 6, 7, 8, 9 e 10, e os anexos I, II e III do Real decreto 1911/2000, do 24 de novembro, polo que se regula a destrución dos materiais especificados de risco en relación coas encefalopatías esponxiformes transmisibles.

- c) A disposición derradeira terceira do Real decreto 3454/2000, do 22 de decembro, polo que se establece e regula o Programa integral coordinado de vixilancia e control das encefalopatías esponxiformes transmisibles dos animais.

- d) A Orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, do 22 de febreiro de 2001, pola que se deter-

minan os supostos excepcionais de incineración previstos na disposición derradeira terceira do Real decreto 3454/2000, do 22 de decembro, polo que se establece e regula o Programa integral coordinado de vixilancia e control das encefalopatías esponxiformes transmisibles dos animais.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter básico e dítase ó abeiro do artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución, polo que se lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e en materia de bases e coordinación xeral da sanidade. Exceptúase do anterior a regulación relativa ós intercambios con terceiros países, que se dicta ó abeiro do disposto no artigo 149.1.16.^a, primeiro inciso, da Constitución, polo que se lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de sanidade exterior.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltanse os ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo para dictar, no ámbito das súas competencias, as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», agás o disposto no artigo 10, que entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2004.

Dado en Madrid o 21 de novembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno e ministro da Presidencia,
JAVIER ARENAS BOCANEGRA

21344 *ORDE PRE/3235/2003, do 19 de novembro, pola que se modifica o anexo II do Real decreto 280/1994, do 18 de febreiro, polo que se establecen os límites máximos de residuos de praguicidas e o seu control en determinados produtos de orixe vexetal. («BOE» 280, do 22-11-2003.)*

Os límites máximos de residuos de praguicidas regúlanse, para os produtos de orixe vexetal, polo Real decreto 280/1994, do 18 de febreiro, polo que se establecen os límites máximos de residuos de praguicidas e o seu control en determinados produtos de orixe vexetal, modificado por última vez polo Real decreto 198/2000, do 11 de febreiro. Así mesmo, en conformidade coa súa disposición derradeira primeira, o anexo II foi sucesivamente actualizado.

A Directiva 2003/69/CE, da Comisión, do 11 de xullo de 2003, modificou o anexo da Directiva 90/642/CEE no que respecta ós límites máximos de residuos de clormequat, lambda-cihalotrin, kresoxim-metil, azoxistrobin e determinados ditiocarbamatos.

Atendendo á necesidade de incorporar ó ordenamento xurídico interno a Directiva 2003/69/CE, modifícase

o anexo II do Real decreto 280/1994, conforme o establecido na súa disposición derradeira primeira, unha vez elevada, pola Comisión Conxunta de Residuos de Productos Fitosanitarios ós ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo a oportuna proposta de modificación.

No procedemento de elaboración das disposicións afectadas foron consultados os sectores afectados e as comunidades autónomas.

Na súa virtude, logo de informe favorable da Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación e da ministra de Sanidade e Consumo, dispoño:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 280/1994, do 18 de febreiro.*

1. Modifícase o anexo II do Real decreto 280/1994, coa substitución dos límites máximos de residuos que nel figuran para as substancias activas azoxistrobin, lambda-cihalotrin, clormequat, ditiocarbamatos e kresoxim-metil.

2. Os límites máximos de residuos fixados para as substancias activas mencionadas no número 1 deste artigo son os que figuran no anexo da presente orde.

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

Esta orde dítase ó abeiro do artigo 149.1.13.^a e 16.^a, da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva sobre as bases e a coordinación da planificación xeral da actividade económica e sobre as bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 19 de novembro de 2003.

ARENAS BOCANEGRA

Excmo. Sr. Ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación e Excmo. Sra. Ministra de Sanidade e Consumo.

ANEXO I

A información contida neste anexo está agrupada por substancias activas, figurando para cada unha delas unha ficha no encabezamento da cal aparece o seu nome común ou denominación oficial e a definición do residuo, tal como corresponde no índice do anexo II do Real decreto 280/1994.

Os valores dos límites máximos de residuos (LMR) fixados para cada produto vexetal ou para cada grupo de produtos vexetais aparecen ordenados en tres columnas segundo a orde con que figuren no anexo I do Real decreto 280/1994.

Ó pé da ficha correspondente a cada substancia activa figuran as notas explicativas das indicacións ou marcas con que aparecen sinalados os nomes ou valores de LMR que contén.

De conformidade co establecido no anexo I do Real decreto 280/1994, e no número 3 do seu artigo 4, modificado polo Real decreto 198/2000, nos epígrafes «8. Especies» e «12. Varios» das fichas que conteñen os LMR de cada substancia activa só aparecerán os valores dos LMR fixados especificamente para os produtos transformados, quedando en branco nos demais casos.